


REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

Nº 61 – AFIRMANDO A ESCOLA PÚBLICA



Editorial

O tema:
Afirmando a escola pública

Giner de los Ríos, María Barbeito e Jerome Bruner... ou o ministro Wert e o goberno²

Presentación

Antón Costa Rico
(*Coordinador do monográfico*)

O dobre poder da Escola Pública

Jaume Carbonell Sebarroja
(*Ex-Director de Cuadernos de Pedagogía*)

Laicismo e Neoliberalismo. Ou de como o omnipotente mercado tamén cre en deus

Miguel Vázquez Freire
(*Nova Escola Galega*)

A escola: non só un "servizo público" senón tamén unha "institución" esencial en toda democracia

Philippe Meirieu
(*Universidade Lumière-Lyon 2*)

Sobre e libre elección na educación obrigatoria: a elección como distinción

José Luis San Fabián Maroto
(*Universidade de Oviedo*)

A LOMCE, fábrica do suxeito competidor

Juan Carlos Pardo Pérez
Alfonso García Tobío
(*Universidade de Santiago*)

A sociedade galega fronte á LOMCE

Elisa Álvarez
(*Xornalista de La Voz de Galicia*)

A escola pública galega: unha óptica parlamentaria

Carme Adán
(*Deputada no Parlamento Galego*)

En branco e negro

Guillermo Meijón Couselo
(*Deputado no Congreso de Deputados*)

O público e o futuro

Confederación de ANPAS Galegas

A LOMCE, unha lei contra a educación

Anxo Louzao Rodríguez
(*CIG-Ensino*)

Unha lei que non pensa na equidade

Luz López
(*CCOO-Galicia*)

Desobedecer a LOMCE, ata derrogala

Emilio Xosé Insua
(*STEG*)

Non á LOMCE, non ao seu desenvolvemento

J. Raúl Gómez Farto
(*FETE-UXT Galicia*)

A escola democrática

Helena Gómez Vecino
(*CONFAPA-Galicia*)

A entrevista

Andrés Suárez, sabedoría e capacidade didáctica

Paula Outón Oviedo
(*Universidade de Santiago*)

A lingua

Despois da lectura dos datos do IGE sobre o uso do galego no 2013

Carolina Pérez Capelo
(*Universidade de Santiago*)

Educación social e escola	Educadores sociais en contextos escolares: un exemplo de acción en Estremadura David Galán <i>(Educador social)</i>
Investigación	Foron para América e volveron as fillas Grupo de Estudos para a Formación e a Inserción Laboral <i>(Universidade de Santiago)</i>
Pensar o ensino	Odio á pedagogía. Educar en tempos de crise Miguel Vázquez Freire <i>(Nova Escola Galega)</i>
Experiencia	Programa de estimulación multifuncional asistido con asnos para persoas con discapacidade física, psíquica e/ou social Elsa Pérez <i>(Asociación ANDREA)</i>
Páxina da SXPL	Unha clase estrelecida Luís Cochón <i>(Secretaría Xeral de Política Lingüística)</i>
As outras escolas	A educación secundaria francesa nun contexto caribeño Jorge García García <i>(Pedagogo)</i>
Novas tecnoloxías	A recuperación e a descuberta de escritoras de literatura infantil e xuvenil a través das TIC Montse Pena Presas <i>(Grupo ELINCIS)</i>
Panoraula	Actualidade do mundo da educación e recensións de publicacións Xosé Ramos Rodríguez Antón Costa Rico <i>(Nova Escola Galega)</i>
Recensións	Jules Verne ou a aventura como educación científica Miguel Vázquez Freire <i>(Nova Escola Galega)</i> A cidade dos nenos, de Francesco Tonucci Belén Caballo Villar <i>(Universidade de Santiago)</i>
Humor	Penúltimas tendencias, de Carlos Negro Rosalía Fernández Rial <i>(Nova Escola Galega)</i> DOcENTES Xosé Tomás

Resumos Resúmenes Abstracts

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral (3 números ao ano), a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A publicación está editada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e os seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico están compostos por profesionais de recoñecida relevancia académica no ámbito da educación. É a única revista galega de educación en formato impreso e realiza intercambios científicos con outras publicacións pedagóxicas europeas e americanas.

INDEXADA EN:

- Latindex Catálogo (características cumpridas 26/33)
- Latindex Directorio
- Dialnet
- Rebiun

O DOBRE PODER DA ESCOLA PÚBLICA

Jaume Carbonell Sebarroja

Estado/ Macropolítica educativa / Micropolítica / Comunidade educativa

State/ Educational macropolitics/ Micropolitics/ Educational community

O porvir da Escola Pública líbrase ao propio tempo no escenario da macropolítica educativa, onde se visualiza o protagonismo do Estado, e no da micropolítica, onde se percibe a implicación da comunidade educativa.

El porvenir de la Escuela Pública se libra al propio tiempo en el escenario de la macropolítica educativa, donde se visualiza el protagonismo del Estado, y en el de la micropolítica, donde se percibe la implicación de la comunidad educativa.

The future of the Public School is to be developed, at the same time, within the realm of educational macropolitics, where the prominence of the State becomes visible, and within the realm of micropolitics, where the implication of the educational community is perceived.

LAICISMO E NEOLIBERALISMO. OU DE COMO O OMNIPOTENTE MERCADO TAMÉN CRE EN DEUS

Miguel Vázquez Freire

Neoliberalismo / Dereita relixiosa/ Laicidade/ Escola pública/ Democracia

Neoliberalism / Religious right-wing / Laicism / Public School / Democracy

A alianza entre a dereita neoliberal e a dereita relixiosa pretende aproveitar a crise económica para impoñer un modelo educativo incompatible co ideal da laicidade. En particular, en España a presión da igrexa católica leva anos influíndo na lexislación educativa e impedindo un necesario pacto escolar. Mais o ideal laicista é inseparable dunha concepción democrática da educación e indispensable nas sociedades multiculturais contemporáneas.

La alianza entre la derecha neoliberal y la derecha religiosa pretende aprovechar la crisis económica para imponer un modelo educativo incompatible con el ideal de la laicidad. En particular, en España la presión de la iglesia católica lleva años influyendo en la legislación

educativa e impidiendo un necesario pacto escolar. Pero el ideal laicista es inseparable de una concepción democrática de la educación e indispensable en las sociedades multiculturales contemporáneas.

The alliance between the neoliberal right-wing and the religious right-wing attempts to take advantage of the economic crisis to impose an educational model which is incompatible with the ideal of laicism. In particular, the pressure of the Catholic Church in Spain has influenced the educational legislation for years, preventing a necessary school pact. But the lay ideal is inseparable from a democratic conception of education and essential in contemporary multicultural societies.

A ESCOLA: NON SÓ UN "SERVIZO PÚBLICO" SE-NÓN TAMÉN UNHA "INSTITUCIÓN" ESENCIAL EN TODA DEMOCRACIA

Phillippe Meirieu

Escola pública / Democracia / Profesores / A escola como institución social / Servizo público

Public School / Democracy / Teachers / The school as social institution / Public service

Nunha democracia, os principios fundadores da Escola non dependen da elección dos cidadáns senón, sobre todo, das condicións a priori que fan a democracia posible. Escoller a democracia non é darse o dereito a de escoller non importa que tipo de escola, é escoller o tipo de Escola cuxos principios permiten precisamente a construción e renovación da democracia.

En una democracia, los principios fundadores de la Escuela no dependen de la elección de los ciudadanos sino, sobre todo, de las condiciones a priori que hacen la democracia posible. Escoger la democracia no es darse el derecho de escoger no importa qué tipo de escuela, es escoger el tipo de Escuela cuyos principios permiten justo la construcción y renovación de la democracia.

Ing. In a democracy, the founding principles of the school do not depend on the election of the citizens but, above everything, on the a priori conditions which make democracy possible. Choosing democracy is not having the right to choose whatever type of school; it is choosing the type of school whose principles allow precisely the construction and renewal of democracy.

SOBRE A LIBRE ELECCIÓN NA EDUCACIÓN OBRI-GATORIA: A ELECCIÓN COMO DISTINCIÓN

José Luís San Fabián Maroto

Liberdade educativa / Constitución española / Equidade e calidade educativa/ iniciativa privada

Educational freedom / Spanish Constitution / Equity and quality education / private initiative

As liberdades de ensino definidas na Constitución española foron reinterpretadas polas sentenzas xurídicas e as políticas educativas plasmadas polos diferentes gobernos. Ditas políticas, especialmente nos últimos anos, fixeron unha lectura neoliberal da liberdade de ensino centrándose na elección de centro e o correspondente financiamento indiscriminado da oferta. O artigo analiza algunhas das consecuencias desta política nas etapas obrigatorias en relación á equidade e á calidade educativa para todos.

Las libertades de enseñanza definidas en la Constitución española han sido reinterpretadas por las sentencias jurídicas y las políticas educativas plasmadas por los diferentes gobiernos. Dichas políticas, especialmente en los últimos años, han hecho una lectura neoliberal de la libertad de enseñanza centrándose en la elección de centro y la correspondiente financiación indiscriminada de la oferta. El artículo analiza algunas de las consecuencias de esta política en las etapas obligatorias en relación a la equidad y la calidad educativa para todos.

The freedoms of education defined in the Spanish Constitution have been reinterpreted by juridical sentences and educational policies shaped by the various governments. These policies, especially in the recent years, have made a neoliberal reading of the freedom of education, focusing on school choice and the corresponding indiscriminate funding of supply. The article analyzes some of the consequences of these policies on the compulsory stages in relation to equity and quality education for all.

A LOMCE, FÁBRICA DO SUXEITO COMPETIDOR

Juan Carlos Pardo e Alfonso García

LOMCE / Organismos internacionais / Racionalidade neoliberal / Dereito de todos á educación

LOMCE / International Organisms / Neoliberal rationality / Rights for education for all.

A LOMCE forma parte dunha xeración de leis educativas que son elaboradas conforme ás directrices dos grandes organismos multilaterais, dos foros económicos e dos lobbies empresariais, que propugnan un aliñamento da educación escolar coa economía. A competencia figura no núcleo fundamental de conceptos cos que o poder corporativo pretende que a escola “fabrique” un tipo de suxeito consonte coa racionalidade neoliberal.

La LOMCE forma parte de una generación de leyes educativas que son elaboradas conforme a las directrices de los grandes organismos multilaterales, de los foros económicos y de los lobbies empresariales, que propugnan un alineamiento de la educación escolar con la economía. La competencia figura en el núcleo fundamental de conceptos con los que el poder corporativo pretende que la escuela “fabrique” un tipo de sujeto acorde con la racionalidad neoliberal.

The LOMCE, the most recent act passed on the Spanish educational system, belongs to a generation of educational laws which are developed according to the big multilateral organisms, to the economics forums and to the business lobbies, which advocate a lining up of school education with economy. The competence belongs to the fundamental nucleus of concepts with which the corporative power expects the school to “build” a kind of subject in compliance with the neoliberal rationality.

A SOCIEDADE GALEGA FRONTE Á LOMCE

Elisa Álvarez

Conflicto e consenso social / Debates educativos / Galicia/ rechazo social

Social conflict and consensus / Educational debates / Galicia / Social reject

Hai pouco máis dun ano que a nova lei orgánica de educación se publicou no BOE. Unha lei que nace sen o consenso da sociedade e moito menos da comunidade escolar. En Galicia, cal foi a postura ante esta norma? Os sectores máis implicados no ensino rexeitárona. Docentes, alumnos e pais de centros públicos vena allea e imposta. Na comunidade galega, o respaldo é minoritario e circunscrito ao Goberno galego, a Igrexa e parte da iniciativa privada.

Hace poco más de un año que la nueva ley orgánica de educación se publicó en el BOE. Una ley que nace sin el consenso de la sociedad y mucho menos de la comunidad escolar. ¿En Galicia, cuál fue la postura ante esta norma? Los sectores más implicados en la enseñanza la han rechazado. Docentes, alumnos y padres de centros públicos la ven ajena e impuesta. En la comunidad gallega, el respaldo es minoritario y circunscrito al gobierno gallego, la Iglesia y parte de la iniciativa privada.

Just over a year ago the new Education Act was published in the BOE, the official bulletin of the Spanish State. An act which was born without the consensus of society, not to mention the school community. What was the position of Galicia on this act? The sectors most involved in the educational system have rejected it. Teachers, students and parents of public schools consider it alien and imposed. In Galicia, the support is minor and limited to the Galician government, the Church and the private sector.

A ESCOLA PÚBLICA GALEGA: UNHA ÓPTICA PARLAMENTARIA

Carme Adán

Parlamento galego / Debates educativos / Renovación pedagóxica / Linguaxe empresarial

Keywords: Galician Parliament / Educational debates / Pedagogic Renewal / Corporate Language

Este texto pretende recoller, desde a óptica parlamentaria, unha parte dos debates que sobre a escola pública se xeraron nos seis últimos anos en Galiza. Intento realizar un esbozo do que foi o corpus argumentativo da dereita para derrubar anos de renovación pedagóxica e, desta forma, dar entrada na escola á linguaxe da empresa. Con todo, aínda sendo agres os presaxios legislativos actuais, a aula conserva o seu carácter de espazo de transformación social e moitas persoas manteñen vivo o seu compromiso para traballar por unha escola pública inclusiva e de calidade.

Este texto pretende recoger, desde la óptica parlamentaria, una parte de los debates que sobre la escuela pública se generaron en los seis últimos años en Galiza. Intento realizar un esbozo de lo que fue el corpus argumentativo de la derecha para derribar años de renovación pedagógica y, de esta forma, dar entrada en la escuela al lenguaje de la empresa. Sin embargo, aún siendo agrios los presagios legislativos actuales, el aula conserva su carácter de espacio de transformación social y muchas personas mantienen vivo su compromiso para trabajar por una escuela pública inclusiva y de calidad.

This text attempts to collect, from the parliamentary point of view, some of the debates about the public school generated in the last six years in Galiza. I try to portray a draft of the argumentative corpus of the right wing in its attempt to tear down years of pedagogic renewal, opening the gates, in this way, for the corporate language. However, even with the current legislative omens, the school keeps its character as a space for social transformation and many people keep alive their compromise to work for an inclusive public school of quality.

EN BRANCO E NEGRO

Guillermo Meijón Couselo

Parlamento español / retroceso democrático / Política educativa conservadora / Sistema educativo público

Spanish Parliament / Democratic setback / Conservative educational policy / Public educational system

As políticas educativas do actual goberno de Rajoy, por razóns ideolóxicas que non económicas, supoñen un durísimo ataque ao noso sistema educativo público e un severo retroceso aos logros alcanzados en democracia, moi especialmente no que incumbe ao seu nivel de equidade. Reverter esta situación é un compromiso ineludible avalado pola abafadora maioría dos grupos da cámara.

Las políticas educativas del actual gobierno de Rajoy, por razones ideológicas que no económicas, suponen un durísimo ataque a nuestro sistema educativo público y un severo retroceso a los logros alcanzados en democracia, muy especialmente en lo que atañe a su nivel de equidad. Revertir esta situación es un compromiso ineludible avalado por la abrumadora mayoría de los grupos de la cámara.

The educational policies of the current government of Mariano Rajoy, due to ideological rather than economical reasons, have supposed a very hard attack to our public educational system and a severe setback to the achievements reached with democracy, especially with respect to its level of equity. Reverting this situation is an unavoidable compromise supported by an overwhelming majority of the groups in the chamber.